

## Folla do alumno 1: Resumo das conclusións de un artigo de investigación

Traducido por Jorge J Pérez-Maceira

Este estudio (br Purba et al., 2001) pretendía pescudar si existe correlación entre a inxesta de determinados alimentos e nutrientes e a aparición de engurras na pel de zonas do corpo expostas habitualmente ao sol.

O traballo incluía catro grupos:

**Grupo 1:** 177 persoas nadas en Grecia que vivían en Melbourne, Australia

**Grupo 2:** 69 persoas nadas en Grecia e que viven na Grecia rural

**Grupo 3:** 48 australianos de orixe anglo-celtas que viven en Melbourne

**Grupo 4:** 159 persoas nadas y residentes en Suecia.

Todos eles participaban no estudo “Food habits in later life” (Hábitos alimentarios na idade madura) da International Union of Nutritional Sciences (Unión Internacional de Ciencias Nutricionais) e facíase un seguimento da súa dieta e revisións dermatolóxicas.

Os resultados mostraron que o Grupo 4 tiña menos engurras na pel nas zonas expostas ao sol, seguido polos grupos 1, 2 e 3. A análise dos datos e identificación dunha correlación con grupos de alimentos suxire que pode haber menos danos na pel entre as persoas con unha maior inxesta de verduras, aceite de oliva, peixe e legumes, e unha menos inxesta de manteiga e margarina, leite e produtos azucrados.

Unha alta inxesta de verduras, legumes e aceite de oliva parecen protexer a pel da aparición de engurras, mentres que unha inxesta elevada de carne e manteiga parecen ter o efecto oposto.

Esta investigación ilustra que as engurras na pel en zonas expostas ao sol entre xente madura de diferente procedencia étnica pode estar influída polo tipo de alimentos consumidos.

---

Material de apoio para:

Walsh, E (2012) Mala ciencia: aprender ciencia dos xornais. *Science in School* **22**.  
[www.scienceinschool.org/2012/issue22/badscience/galician](http://www.scienceinschool.org/2012/issue22/badscience/galician)